

# Bases do Premio Anisia Miranda de Teatro para a Infancia 2023

Coa finalidade de estimular a creación teatral e de proporcionarlles a nenas e nenos obras que poidan representar, a Fundación Xosé Neira Vilas convoca, co apoio da Secretaría Xeral de Cultura da Xunta de Galicia, o

## PREMIO ANISIA MIRANDA DE TEATRO PARA A INFANCIA

1.- Poderán participar todas as persoas que o desexen, de calquera nacionalidade, con textos inéditos escritos en lingua galega.

2.- Os orixinais terán un máximo de 30.000 caracteres, incluíndo espazos, e presentaranse co tipo de letra Times New Roman, corpo 12 e dobre espazo.

3.- Os traballos enviaranse a [fundacion@neiravilas.gal](mailto:fundacion@neiravilas.gal). Deberá empregarse un enderezo electrónico que garanta o anonimato do autor ou da autora. No dito correo xuntaranse dous arquivos PDF:

- Orixinal da obra dramática identificada cun lema
- Arquivo PDF nomeado como Plica seguido do mesmo lema empregado para o arquivo anterior. Aquí figurarán os datos da autoría, xunto co título real da obra e unha breve nota biográfica



4.- O prazo de admisión de orixinais pecharase o 15 de abril de 2023.

5.- A Fundación Xosé Neira Vilas escollerá un xurado de recoñecido prestixio. O seu ditame será inapelable.

6.- O premio está dotado con 1.000 euros, suxeito ás correspondentes obrigas tributarias, e entregarase o 17 de maio, Día das Letras Galegas.

7.- A participación no Premio Anisia Miranda de Teatro para a Infancia supón a aceptación destas bases.

